



A diérese

Úsase a diérese [¨]

1. Coa **letra «u»**, para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas *güe*, *güi*, fronte a *gue*, *gui*.
antigüidade
bilingüe
2. Coa **letra «i»**, na primeira e segunda persoas de plural dos copretéritos de indicativo dos verbos rematados en *-aer*, *-oer*, *-aír*, *-oír* e *-uír* para indicar que este «i» forma sílaba en por si. Deste xeito, distinguimos estas formas das do presente de subxuntivo, en que o «i» forma ditongo: *caíamos*, *caíades* (*ca-ia-mos*, *ca-ia-des*).
copretérito de ind.: *caíamos* (*ca-i-a-mos*)
presente de subx.: *caíamos* (*ca-ia-mos*)



Actividades

1. Localiza na sopa de letras as palabras definidas. Ten en conta que unhas conteñen o grupo –gu– (sen diérese) e outras conteñen o grupo –gü– (con diérese).

- Que fala dúas linguas. →
- Instrumento músico de corda, cunha caixa de madeira en forma oval, estreita no centro e cun burato por riba do cal pasan as cordas, que van suxeitas a unha especie de barra de madeira. →
- Argumentar razoadamente. →
- Mover de abaixo arriba, levantar. →
- Habitante da Güiana. →
- Ave de rapina diúrna, de gran forza e tamaño. →
- Deporte en que se fan carreiras con piraguas. →
- Conflito bélico. →
- Ave palmípeda propia dos mares antárticos incapaz de voar pero gran nadadora. →
- Falta de vontade para traballar ou realizar calquera actividade. →

A	U	G	B	I	L	I	N	G	Ü	E	L
E	G	U	G	Ü	I	A	N	É	S	R	A
G	Ü	E	S	O	P	Í	G	U	A	G	R
P	I	R	A	G	Ü	I	S	M	O	U	G
O	P	R	E	G	U	I	Z	A	G	E	Ü
G	U	A	N	B	U	E	S	G	Ü	R	Í
U	T	I	O	R	A	I	T	O	Í	F	R
O	P	E	G	U	I	T	A	R	R	A	U

—Crea oracións combinando as palabras anteriores. Coida o uso da diérese.

-
-
-
-
-

2. Pon as diéreses que faltan nestas oracións.

- De cativos, meu irmán e mais eu sobresaíamos no deporte: eramos grandes piraguistas.
- Cómpre evitar que as novas leis minguen os dereitos das persoas monolingues en galego.
- Quero que me traiades unha mesa da tenda de antiguidades que vimos en Guitiriz.
- Nós oíamos atentos o que el nos dicía, pero non entendíamos nada pola súa ambigüidade.
- Os unguentos para a pel proporcionánlles pingues beneficios aos fabricantes de cosméticos.
- Onte, cando saíamos da biblioteca, atopamos no chan uns libros de sociolinguística.